




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Costa da Morte. Sector: Ría de Corme e Laxe. Municipio: Ponteceso. Parroquias: San Tirso de Cospindo. Extensión: 2,05km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unha das unidades máis curiosas da costa galaica. Vertentes graníticas de pendente bastante regular, menor na parte occidental (do 20% ao 40%) e maiores cara ao interior da ría (do 40% ao 70%). Está integramente incluída nas ladeiras oeste e sur do Monte Branco e as súas cimas acompañantes. Pero a unidade caracterízase, na parte baixa, pola existencia dunha gran frecha areosa que pecha o corpo interno da ría de Corme e Laxe, incluíndo amplos bancos areosos e lamacentos intermareais. Estes sedimentos fosilizan parte das vertentes a xeito de manto eólico ou dunas remontantes en virtude aos efectivos ventos do suroeste.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Case toda a unidade está no Dominio Hercínico co granito "Tipo Laxe", de dúas micas, de gran medio a grosso, lixeiramente orientado. No límite NE da unidade aparecen dúas áreas formando unha estreita banda: ao S. un pequeno enclave de xistos e metareniscas precámbrico-silúricas do "Dominio Periférico do Macizo de Ordes", e ao N unha banda de ortogneis glandular antehercínico. O Cuaternario ten grande importancia na unidade cos sedimentos areais, de dunas e de transporte eólico en ladeira.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Ambiente climático Cálido e Húmido cunha temperatura media anual que supera os 15°C e unha amplitude térmica media en torno a 13°C. As precipitacións medias acumuladas ao longo do ano oscilan entre 1200mm e 1400mm.

OS SOLOS

En rochedo granítico, as cimas do Monte Branco e elevacións próximas presentan un leptosol lítico, debido aos frecuentes afloramentos. O complexo sedimentario eólico da frecha do Anllóns e ladeiras do Monte Branco presenta arenosos. O resto desenvolve un cambisol dístico.


AS AUGAS

A pertenza desta unidade ás ladeiras do Monte Branco restrinxe a existencia dunha rede fluvial digna de mención. Existen tan só algúns pequenos arrosos que recollen a auga deste monte e lévana á desembocadura do río Anllóns, á masa de Augas de Transición 20481. O resto da unidade, desde a Punta do Monte Branco ata a praia do Medio, queda baixo a influencia das Augas Costeiras 20171.

O PATRIMONIO NATURAL

Unidade completamente incluída no LIC Costa da Morte. Aparece dentro da área de importancia para as aves (IBA) "Costa da Morte". É unha das unidades na que existe maior diversidade e importancia de hábitats sedimentarios. Aparecen así o grupo 21, "Dunas marítimas da costa atlántica, do Mar do Norte e do Báltico, e os hábitats 2230, "Dunas con céspedes de Malcolmietalia" e 2260, "Dunas con vexetación esclerófila do Cisto-Lavanduletalia". No interior da barra areosa, aparecen hábitats de marisma e chaira intermareal, é dicir, o grupo 13 de marismas e pasteiros salinos atlánticos e continentais, e o 1140, Chairas lamacentas ou areosas que non están cubertas de auga cando hai marea baixa. No manto eólico, os tipos de dunas combinanse cos hábitats de mato, en concreto o 4030, breixos secos europeos e 4040, breixos secos atlánticos costeiros con Erica vagans. Presenza dos hábitats rochosos do grupo 82, pendentes rochosas con vexetación casmofítica, ao ser frecuentes os afloramentos en toda a elevación na que se ancora o gran complexo sedimentario.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A enseada que forma o río Anllóns na súa desembocadura atópase parcialmente pechada por unha espectacular barra areosa azoutada por continuos ventos do NE-SE que levantan grandes cantidades de area formando dunas e arrastrando os sedimentos pola falda do Monte Branco. A frecha areosa está caracterizada pola presenza da gran praia do Medio que aparece rodeada dun gran cordón de dunas que se estende cara ao interior da unidade. A orla litoral presenta diferenzas; a parte exposta ao mar aberto está delimitada por unha fronte acantilada que se estende desde o norte da unidade até Illa Tiñosa. Pola súa banda, a zona de esteiro, está dominada por un espazo de marismas que en baixamar contacta cunha chaira intermareal lamacentas de considerables dimensións. Nas terras interiores, fóra da frecha areosa, predominan as coberturas asociadas ao monocultivo de especies forestais (piñeiro e eucalipto) que alternan con pequenos espazos abertos cubertos por matogueira. Monte Branco destaca polos bancos marisqueiros de berberecho que se sitúan ao abrigo da enseada e polo uso turístico e recreativo do valiosísimo areal da praia do Medio.

MORFOLOXÍA

A morfoloxía da unidade deriva das características morfodinámicas da propia frecha litoral que determina os usos que se dan sobre ela. Non se aprecia parcelario agrícola nin tampouco ningún tipo de asentamento humano debido ás difíciles condicións ambientais reinantes neste punto da costa.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A principal estrada da unidade é o CP-6803 que une Balarés co núcleo de San Tirso de Cospindo cruzando a parte setentrional deste espazo. A partir dela xorden unha serie de camiños e pistas que permiten aos visitantes desprazarse por toda a zona. A zona costeira está salpicada dun conxunto de camiños, non aptos para vehículos, que facilitan o acceso á frecha de area.

PATRIMONIO HISTÓRICO

O cruceiro das Travesas é o único elemento de interese recollido na unidade e está situado na parroquia de San Tirso de Cospindo.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Trátase dunha paisaxe no que dominan elementos naturais e ecolóxicos sobre o humano dado que a presenza de actividades relacionadas co home é moi reducida. As formacións areosas de Monte Branco, a espectacular frecha areosa, os numerosos restos arqueolóxicos repartidos por toda a comarca, a presenza de centos de especies de anátidas e limícolas ou a excelente gastronomía constitúen un fantástico reclamo para todos aqueles que queiran visitar este anaco de litoral da Costa da Morte.

DINÁMICA DA PAISAXE

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Destacar o altísimo valor ecolóxico e paisaxístico da unidade, caracterizada polo intenso cromatismo da lingua de area branca en contraste coa lámina de auga do estuario. A unidade inclúese no Espazo de Interese Paisaxístico Monte do Cal Barqueiro, Illa Tinosa e praia do Medio. O alto valor paisaxístico deste espazo está ligado non só á singular formación xeomorfolóxica que é a barra areosa da desembocadura do Anllóns senón tamén á súa situación dentro dun sector de costa caracterizado polo escaso número de edificacións. A presenza da Illa Tiñosa xunto á frecha costeira ademais do excelente grao de conservación de todo este espazo litoral valeu a súa inclusión dentro do catálogo Rede Natura 2000 así como no LIC Costa da Morte. Propomos como punto de observación o alto de Monte Branco desde o que se pode divisar todo o esteiro do río Anllóns así como parte do municipio veciño de Cabana de Bergantiños.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantís / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |











Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



